

1.MORFOLOXÍA DA PALABRA

A palabra estrutúrase en unidades menores dotadas de significante e significado, denominadas **morfemas**. Estes poden ser de dous tipos:

Os **lexemas** constitúen o elemento constante e invariable das palabras flexivas: *nen-o, nen-a, nen-os, nen-as...* Distínguese entre lexemas independentes, cando son o único constituínte da palabra (*Carlos, nada...*), e lexemas dependentes, cando deben ser completados con morfemas gramaticais (*alt-, galeg-, cerv-*).

Os **morfemas derivativos** permiten crear palabras novas uníndose a un lexema (*re-pas-ar, ex-presid-ente, capital-ismo, ardor-os-o, dent-ista...*). Clasifícanse segundo a súa posición respecto do lexema en **prefixos**, cando van colocados diante del (*desfacer, irregular, malgastar*), e **sufixos**, cando se colocan despois (*brancural, caixeiro*). Un tipo especial de sufixos son os **alterativos** (diminutivos e aumentativos, despectivos...): estes non cambian de xeito esencial o significado do lexema e non producen un cambio de categoría, dúas características que os aproximan aos morfemas flexivos.

Entre lexema e afixo existe nalgúñas palabras un fonema de unión denominado **interfixo** ou **infixo**; trátase dun elemento sen significación que evita cacofonías (*gas-o-metr-ía, en-s-anch-a-r, nai-c-iñ-a, rei-c-iñ-o*).

- *Morfemas gramaticais ou morfemas flexivos*

Posúen significado gramatical, é dicir, non referido á realidade extralingüística, senón a categorías específicas presentes na estrutura gramatical de cada lingua, como por exemplo, o xénero e o número nos adxectivos (*alt-o, alt-a; alt-o-s, alt-a-s*); nos verbos, a conxugación, o modo e tempo e o número e persoa (*cant-a-ba-mos, esper-a-re-i, lev-a-s*) ou o significado da relación, no caso das preposicións e conxuncións: *e, sen, porque*.

Son morfemas gramaticais libres os que forman palabras **independentes** (determinantes, pronomes, verbos auxiliares, preposicións e conxuncións), mentres que os demais, que non poden constituír palabra por si sós, son chamados morfemas gramaticais **dependentes** ou **trabados**.

2.TIPOS DE PALABRAS

Considerando os posibles modelos estruturais da palabra, temos os seguintes tipos:

Palabras **simples**: están formadas por un lexema, acompañado ou non de morfemas gramaticais (*escur-o-s, louc-o, dur-a-se-n, mar*).

Palabras **derivadas**: están formadas por un lexema, un ou máis morfemas derivativos e, se é o caso, morfemas gramaticais flexivos (*escur-idade, neg-a-ción-s, fart-ura, dur-eza, chuv-isc-a-ba*).

Palabras **compostas**: están formadas por máis dun lexema (*pasatempo, xirasol, augardente*).

Palabras **parasintéticas**: prodúcese parasíntese cando nunha palabra se dá prefixación e sufixación a un tempo e de maneira combinada (*em-pobr-ec-e-r*, porque non existen nin prefixo con lexema (*empobre*) nin lexema con sufixo (**pobrecer*)).

Palabras **complexas**: consisten en frases fixas, formadas por palabras independentes noutros contextos pero que nese conxunto frásico non o son, cunha orde rixida e sen que se poidan nin intercalar nin elidir elementos: *vichelocrego, fervellasverzas*.

3.FORMACIÓN DE PALABRAS

DERIVACIÓN

A derivación consiste na creación de palabras novas engadindo un afixo ao lexema dunha palabra simple. As palabras derivadas poden pertencer a unha categoría gramatical diferente á da palabra base:

hospital (subst.) > *hospital-ari-o* / *débil* (adx.) > *debil-it-a-r* (verbo)...

Os afixos poden ir colocados antes do lexema (prefixos) ou despois del (sufixos). O seu rendemento é bastante variable: hai algúns frecuentísimos (*des-, in-, -al, -ismo, -ción, -sión...*) en tanto que outros teñen un uso máis limitado.

Existe un procedemento especial de derivación que crea as palabras denominadas derivadas **regresivas**. Trátase de substantivos formados a partir de verbos por eliminación dos morfemas verbais: *pechar* > *peche*, *cortar* > *corte*... Son substantivos abstractos co valor de “acción ou efecto de...”.

COMPOSICIÓN

A composición de palabras ten un rendemento na lingua moito menor que a derivación. Pódense clasificar as palabras compostas atendendo a dous criterios:

Segundo a modalidade de formación distínguese entre:

1.compostas por **xustaposición**: os dous elementos conservan a súa independencia fónica, aínda que o significado da palabra composta sexa xa diferente ao dos lexemas constituíntes; van grafados como palabras independentes (*arco da vella, cabaliño do demo, porco bravo*), ou unidas mediante trazo (*galego-portugués, socio-pedagógico, árabe-israelí*)

2.compostas por **aglutinación**: os dous elementos están máis intimamente soldados, de maneira que van grafados como unha única palabra (*gardameta*) ou experimentan mesmo procesos de crase ou de disimilación: *augardente, cabodano, verdinegro*.